



## PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 20/21

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Segundo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

### · **Novas normas de organización e funcionamento do centro.**

Ao inicio de curso enviarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

### USO DE MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula. Os menores de 6 anos a usarán nas zonas comúnes.

### ORGANIZACIÓN DO CENTRO

□ Os grupos cos que contaremos este ano son:

EDUCACIÓN INFANTIL	4º (3 ANOS)	19
	5º (4 ANOS)	16
	6º (5 ANOS)	17
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º	15
	2º	12
	3º	23
	4º	22
	5º	22
	6º	23

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a reorganizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.



**IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.**

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.

Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

## **ENTRADA**

### **Horarios de entrada e saída:**

#### **Educación infantil e 1º de Primaria:**

- *Entrada* do alumnado transportado: A partir das 8:50 horas.
- *Entrada* do alumnado non transportado: As 9:10 horas.
- *Saída* do alumnado transportado: Ás 13:45 horas
- *Saída* do alumnado non transportado: Ás 13'55 horas.
- *Saída* do alumnado de comedor: **Pendente este servizo.**
- *Entrada* do alumnado de madrugadores: Ás 9 horas recollera a coidadora aos de Infantil no comedor e a coidadora do servizo entregará aos de 1º na aula. **Pendente este servizo.**

Porta de acceso para E. Infantil: Entrada principal (polo porche, porta da esquerda).

Porta de acceso para 1º de Primaria: Porta do baixo.

#### **Educación primaria (de 2º a 6º):**

- *Entrada* do alumnado transportado: A partir das 8:50 horas.
- *Entrada* do alumnado non transportado: Ás 9:05 horas.
- *Saída* do alumnado transportado: Ás 13:45 horas
- *Saída* do alumnado non transportado: Ás 14 horas.
- *Saída* do alumnado de comedor: **Pendente este servizo.**
- *Entrada* do alumnado de madrugadores: As 9 horas a coidadora do servizo supervisará que os alumnos suban as súas aulas. **Pendente este servizo.**

Porta de acceso para 2º, 3º e 4º de Primaria: Entrada principal (polo porche, porta da dereita).

Porta de acceso para 5º e 6º de Primaria: Porta do baixo.



**1º DÍA: 10 DE SETEMBRO.**

**INCORPÓRASE 4º E 5º DE INFANTIL, 1º, 2º E 3º DE PRIMARIA**

- O primeiro día de clase establecerase un horario de entrada para cada grupo e lugar de entrega dos nenos e nenas coa finalidade de evitar aglomeracións. Habará un lugar sinalizado para cada grupo no patio.
- No horario de entrada teñen que vir cun acompañante e NON haberá transporte.
- Na hora de saída SI HAI transporte escolar. O día 11 xa funcionará o transporte no seu horario habitual.
- Na entrega dos nenos e nenas á titora, deixaremos claro como regresan ese día e si usarán os diferentes servizos o resto dos días (comedor, madrugadores, autobús, fila de pais...). Os alumnos e alumnas subirán ás aulas cun especialista e **a titora fará unha pequena reunión** cos pais para indicarlle os principais cambios, horarios, rutinas hixiénico-sanitarias... Obligatorio uso de máscara e en lugar aberto.

<b>DÍA 10 DE SETEMBRO</b>		
<b>9:30</b>	<b>1º</b> Recólleos a titora no <b>patio cuberto</b> e entran pola porta do baixo con Rosa	<b>3º</b> Recólleos a titora no <b>patio de diante</b> e entran polo porche con Bea
<b>10:00</b>		<b>2º</b> Recólleos a titora no <b>patio de diante</b> e entran polo porche con Belén
<b>10:30</b>	<b>5º INFANTIL</b> Recólleos a titora no <b>patio cuberto</b> e entran polo porche con Charo e Estrella.	NOTA: En caso de choiva, 3º e 2º pasarán a facer a recollida no Ximnasio
<b>4º INFANTIL</b> Período de adaptación. Horarios indicados pola titora.		
<b>SAÍDAS DOS TRANSPORTADOS:</b> <b>Infantil (todos):</b> Os acompaña ata o autobús Charo e Estrella e saen pola porta pequena. <b>1ª planta (todos):</b> Os acompaña ata o bus Rosa pola escaleira pequena e saíndo pola porta do baixo. <b>2ª planta (todos):</b> Os acompaña ata o bus Bea pola escaleira grande e saen polo porche. <b>SAÍDAS NON TRANSPORTADOS:</b> Saen coas titoras ata a porta verde e os entregan ás familias.		



**2º DÍA: 11 DE SETEMBRO.**

**INCORPÓRASE 6º DE INFANTIL, 4º, 5º E 6º DE PRIMARIA**

- O primeiro día de clase establecerase un horario de entrada para cada grupo e lugar de entrega dos nenos e nenas coa finalidade de evitar aglomeracións. Haberá un lugar sinalizado para cada grupo no patio.
- No horario de entrada teñen que vir cun acompañante e NON haberá transporte para estes cursos (si para os que se incorporan o día anterior no seu horario habitual)
- Na hora de saída SI HAI transporte escolar.
- Na entrega dos nenos e nenas á titora, deixaremos claro como regresan ese día e si usarán os diferentes servizos o resto dos días (comedor, madrugadores, autobús, fila de pais...). Os alumnos e alumnas subirán ás aulas cun especialista e **a titora fará unha pequena reunión** cos pais para indicarlle os principais cambios, horarios, rutinas hixiénico-sanitarias... Obligatorio uso de máscara e en lugar aberto.

<b>DÍA 11 DE SETEMBRO</b>		
<b>9:00</b>	<b>Entrán os que viñeron o día anterior.</b>	
<b>9:30</b>	<b>5º</b> <b>Recólleos a titora no <u>patio cuberto</u> e entran pola porta do baixo con Bea</b>	<b>4º</b> <b>Recólleos a titora no <u>patio de diante</u> e entran polo porche con Rosa</b>
<b>10:00</b>	<b>6º</b> <b>Recólleos a titora no <u>patio cuberto</u> e entran pola porta do baixo con Belén</b>	NOTA: En caso de choiva, 6º Infantil e 4º pasarán a facer a recollida no Ximnasio
<b>10:30</b>		<b>6º INFANTIL</b> <b>Recólleos a titora no <u>patio de diante</u> e entran polo porche con Bea</b>
<b>4º INFANTIL</b> <b>Período de adaptación. Horarios indicados pola titora.</b>		
<b>SAÍDAS DOS TRANSPORTADOS:</b> <b>Infantil: Os acompaña ata o autobús Charo e Estrella e saen pola porta pequena.</b> <b>1ª planta: Os acompaña ata o bus Rosa pola escaleira pequena e saíndo pola porta do baixo (1º e 2º).</b> <b>2ª planta: Os acompaña ata o bus Pili (5º e 6º) pola escaleira pequena e salen polo baixo e Bea (3º e 4º) pola escaleira grande e saen polo porche.</b>		



**SAÍDAS NON TRANSPORTADOS: Saen coas titoras ata a porta verde e os entregan ás familias.**

A titora de 4º de EDUCACIÓN INFANTIL (3 anos) contactará telefónicamente coas familias do seu alumnado para informalos dos aspectos relativos a este grupo e horarios do período de adaptación.

**IMPORTANTE: Estes dous días, os acompañantes de Educación Infantil e Educación Primaria podedes acceder ao patio (só un acompañante por alumno/a o día asignado) con máscara e respectando distancia social para acudir á reunión coa titora. Despois destes dous días xa non poderá acceder ningún pai/nai/acompañante de Primaria ao recinto escolar. Si accederá un pai/nai/acompañante dos alumnos de Infantil ata as escaleiras do porche, deixará ao cativo/a coa mestra e marchará. Non falarán coas mestras nese momento nin quedarán polo patio.**

O resto da mañá adicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanzamento social...

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparán unha parte da xornada lectiva.

Ao longo deste mes, o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual, blog do centro, páxina web, enviar un correo, adxuntar unha foto, etc. co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

Os primeiros días de incorporación por grupos, os nenos e nenas só teñen que traer unha agenda ou libreta e un bolígrafo ou lapis nunha mochila.

Este curso, o alumnado de Educación Primaria non poderá deixar os libros e o material na clase, cada día deberán traer o que precisen. Ademais, tódolos días, deberán traer unha bolsa plástica ou garda máscaras co nome, para deixar a máscara se nalgún momento deben prescindir dela (as bolsas de conxelación con autopeche que venden nos supermercados son estupendas)

## **RECREOS**

Recreos: Haberá dous turnos e en espazos diferentes. O espazo será rotatorio por semanas (está no protocolo).

## **ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN/XEFATURA**

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

Podedes solicitala a través do teléfono (886 120222) ou do correo electrónico ([ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.es](mailto:ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.es)).

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.



## TITORÍAS.

Nas reunións de titorías e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

## ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

## SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Pendente das decisións da ANPA

## Actuacions de prevención, hixiene e protección.

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.

### ► Prevención

Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

As familias asinarán o primeiro día a folla do compromiso conforme fanse responsables de non envialos enfermos ao centro.

### ► Hixiene e protección

O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos.

O uso de máscara é obrigatorio **para todos** en Autobús, Comedor, Madrugadores e espazos comúns (corredores, aseos...).



Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as máns con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcolicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala axeitadamente.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio?)
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

**Accions formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**

#### ► **Accións para os grupos de Educación Primaria:**

Ao inicio de curso dedicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento. Cada alumno e alumna recibirá unha etiqueta co seu usuario e contrasinal que deberán pegar na súa axenda para evitar perdas. Dedicarase un tempo a explicar a privacidade dos contrasinais e o uso seguro das mesmas.

Proponse tamén a todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da Aula Virtual no ensino presencial, polo menos,

unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para todo o profesorado haberá en setembro **unha xornada informativa sobre o funcionamento da aula virtual**, así como das súas posibles utilizacións, tamén se establecerán pautas comúns cara o alumnado para



a utilización deste espazo: como identificar os arquivos a enviar, prazos de entrega, medios válidos de arquivos, etcétera. A realización destas xornadas correrán a cargo do centro. Tamén solicitamos un PFPP.

Estarán accesibles na nosa web os vídeo titoriais sobre a aula virtual, tanto para profesorado como alumnado.

Para rematar este protocolo, ao inicio de setembro, deberase proceder a actualización, por parte da titora dunha base de datos sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia. No caso de que a carencia sexa de equipamento, o centro procederá ao préstamo de equipos e se o problema fose de conectividade procederíase a solicitar a colaboración da Consellería e do Concello.

#### ► **Accións para os grupos de Educación Infantil:**

Ao inicio de curso dedicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización co blog de Infantil tanto no acceso como no funcionamento. Intentaremos involucrar ás familias nesta acción. As mestras deste ciclo decidirán si queren facer uso da Aula Virtual ao comezo do curso.

### **Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través dos canles habituales.